



**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Rías Baixas. Sector: Costas do Son e Corrubedo. Municipio: Porto do Son. Parroquias: Santa María de Caamaño no norte, Santa Mariña de Xuño no centro e San Pedro de Muro ao sur. Extensión: 15,15km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Ampla liña de costa aplanada, en forma de seo, na que se desenvolve un activo complexo sedimentario mariño separado en dúas praias por un saínte de natureza metamórfica: ao norte, a praia das Furnas e ao sur a de Areas Longas. Ao sur desta última, a enseada péchase debido á presenza dunha franxa rochosa granítica que orixina unha liña de costa recortada, destacando o cabo Teira. Na metade norte da unidade, a chaira presenta unha área moi aplanada na que os ríos circulan describindo cursos meandriformes e son obstaculizados polos campos de dunas na súa desembocadura. Todo isto xera un complexo sistema fluvio-lacustre no que destacan as lagoas de Xuño e Muro. Ao leste, a chaira costeira deixa paso ás montañas graníticas da Serra do Barbanza a través de vertentes de pendente moderada. Inclúe os EIX Lagoas de Xuño e Muro e Xeoformas costeiras de Caamaño.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade presenta tres tipos de especies que se reparten no substrato rochoso da mesma: un granito hercínico de dous micas de gran medio a groso, con orientación por deformación, "Tipo Barbanza", que ocupa, de maneira desigual, o sector nordés da unidade, nas partes altas da mesma; os xistos con niveis de cuarcitas do Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas, Grupo de Laxe, de Idade precámbrico-silúrica, aparecen en toda a metade norte agás nas áreas nas que aflora o anterior tipo de rocha; na metade sur da unidade desenvolveuse un granito hercínico de dous micas de gran medio con megacristais. Importancia do Cuaternario, pois existen destacados depósitos de praia e duna, ademais de aluviais na parte baixa da chaira aluvial á que verten pequenos vales costeiros que se desdubuxan nesta parte próxima á costa.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ampla conca sedimentaria incluída no dominio climático Cálido e Húmido: temperatura media anual maior de 14°C e oscilación térmica máxima de 13,5°C. As precipitacións acumuladas ao longo do ano varían entre 1200mm e 1400mm, e tan só a cabeceira da unidade rexistra valores superiores que polo xeral se sitúan entre 1400mm e 1600mm (dominio climático Cálido-Moi Húmido).

#### OS SOLOS

Arenosois álbicos e háplicos no complexo sedimentario onde tamén aparecen chans propios de áreas hidromorfas ao redor das lagoas de Xuño e Muro, do tipo fluvisol sálico e tiónico nos que poden aparecer procesos de gleificación máis ou menos intensos. A parte baixa do amplo val, caracterizada pola súa escasa pendente, permite a formación de chans profundos e fértiles dos tipos cambisol dístrico e eútrico que soportan a explotación agropecuaria pero tamén forestal, esta última máis intensa sobre umbrisois. Cara á cabeceira da conca aumenta o desnivel e as ladeiras presentan chans menos evolucionados sendo dominantes os regosois e os leptosois líticos.


#### AS AUGAS

A amplitude da chaira litoral, non só permite a organización xerarquizada da rede hídrica da unidade, senón que provoca o estancamento destas augas de escorrentía dando orixe ás lagoas de Xuño e Muro nas proximidades da praia de Areas Longas. Ás dúas chegan varios arrosios, pero destaca o de Rial na segunda, que á súa vez conta co Alboreda como principal afluente. Ademais destes arrosios que chegan ás lagoas antes de desembocar ao mar, en Augas Costeiras de Punta do Castro (20172), ao norte da praia de Areas Longas chega o río de Sieira, que se une ao arroio de Curral de Baixo pouco antes da desembocadura. Do mesmo xeito, outro pequeno arroio chega ao mar ao sur da mencionada praia.

#### O PATRIMONIO NATURAL

O complexo sedimentario e húmido pertence ao LIC Complexo Húmido de Corrubedo. Fronte costeira dominada por unha gran extensión de dunas atlánticas do grupo 21, e o hábitat 2230, céspedes de Malcolmetalia. Tras elas, dúas lagoas costeiras (1150), as de Xuño e Muro, e os hábitats hidromorfos propios da súa orla. No interior destacan os importantes bosques ripícolas (91E0), tanto os existentes ao redor das zonas hidromorfas e lagunares como os dalgúns cursos fluviais, en especial as do Río Sieira, desde Prado do Monte, no interior da unidade, até o conxunto dunar –tamén nos regos do Curral de Baixo, do Rial e Alboreda, e da Agreira–. Non escasean os bosquetes de recolonización, abundantes nas zonas agrícolas de Basoñas. Próximos a algúns cursos –Curral de Baixo, por exemplo–, ou na depresión trasdunar e na orla das lagoas, onde aparecen áreas de prados hidromorfos (hábitats 6420 e 6430). O cordón dunar conta con citas do taxón vulnerable protexido *Omphalodes litoralis* subsp. *gallaecica*.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

As praias de Basoña, As Furnas e río Sieira conforman un extenso areal que percorre lonxitudinalmente toda a unidade, conferíndolle un alto valor turístico, aproveitado para actividades como o cámping, áreas recreativas e equipamentos deportivos. Desde a franxa costeira desenvólvese un denso parcelario de cultivos e pasteiros que se ve interrompido por masas de bosques de repoboación. Algunhas vivendas relaciónanse coas parcelas de uso agrícola e outras de uso residencial aparecen de forma illada.

#### MORFOLOXÍA

Edificacións que responden á morfotipoloxía de vivenda unifamiliar repartidas por toda a unidade en núcleos rurais atomizados e asentamentos dispersos e espontáneos de forma lineal que discorren polas marxes das estradas principais.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A vía principal AC-550 atravesa a unidade diagonalmente de sueste a noroeste. O armazón de estradas secundario comunica os núcleos e asentamentos espontáneos e a partir deste hai unha densa rede de vías de menor entidade e camiños que estruturan o parcelario existente. Ademais hai numerosos viais transversais á costa así como accesos peonís de madeira nos extremos da praia.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Numeroso patrimonio englobado na arquitectura civil e relixiosa repartida nas Parroquias de Xuño, Caamaño e Muro. No tocante ao patrimonio arqueolóxico, figuran os restos do Castelo de Burleu, incluído entre os Bens de interese cultural. E sobretudo destacan os abundantes petróglifos predominantes neste sector costeiro

### O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Os grandes areas ofrecen un alto valor turístico a unha zona de carácter rural arraigada na tradición mariñeira da costa de Porto do Son, estas praias en combinación coas lagoas de Xuño e Muros confírenlle un marcado carácter natural, nestas praias aparecen as "Furnas" típicas dos cantís da costa de Porto do Son. Os asentamentos rurais son abundantes e atomizados, dispersos por toda a unidade sen chegar a formar ningún núcleo relevante, razón pola que se mantivo unha gran densidade de parcelas.

### DINÁMICA DA PAISAXE

Os asentamentos espontáneos na franxa litoral antes practicamente inexistentes proliferaron polo interés turístico da zona e en consecuencia acelerouse o abandono do uso agrícola. Nótase un incremento notable no número de camiños e estradas que conforman a rede viaria para comunicar os novos asentamentos e a expansión dos núcleos rurais; así como accesos á costa de recente creación.

### RISCOS E IMPACTOS


A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

## 3. AVALIACIÓN

### VALORACIÓN DA PAISAXE

Paisaxe que se asenta cunha suave pendente descendendo cara ao litoral coa serra do Barbanza e outros promontorios ao fondo, as praias que dominan a franxa costeira ademais da súa calidade de area fina e branca posúen formacións características nos cantís rochosos erosionados polo mar denominados "Furnas". Esta contorna é propicia para pasear polas súas praias e visitar as lagoas de Muros e Xuño. Os devanditos areas transcorren de forma continua de norte a sur e fúndense coa chaira ocupada por un parcelario denso e as poboacións de carácter rural espaxadas por toda a unidade, mesturadas con bosquetes de piñeirais. O resgardo que ofrecen os montes da serra do Barbanza enxalza a visión dunha paisaxe apracible. Esta unidade vese amparada co numeroso patrimonio cultural e arqueolóxico repartido nas parroquias que dotan á mesma un alto valor engadido. Desde o alto do Outeiro Gordo e do Monte da Pedreira obtense unha boa panorámica da unidade. O alto da Curota destaca entre todos os puntos de observación da comarca do Barbanza xa que posúe unha ampla conca visual.

Unidade incluída na protección do LIC Complexo Húmido de Corrubedo. Tamén está incluída dentro da protección de Espazos de Interés Xeomorfolóxico, a rede europea Rede Natura 2000 e a Rede Galega de Espazos Naturais.



#### 4. PLANIFICACIÓN

##### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

#### Lenda / Leyenda

##### Usos do solo / Usos del suelo

- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

##### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

##### Hidrografía / Hidrografía

##### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

##### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

##### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

##### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

##### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

##### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

##### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:23.637

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



